



CONCELLOS

BALEIRA

Anuncio

PROCESO DE ESTABILIZACIÓN DE EMPREGO TEMPORAL NO CONCELLO DE BALEIRA (LUGO).

Listaxe DEFINITIVA de persoas admitidas e excluídas para participar no proceso selectivo para a provisión de un posto de traballo de **LIMPIADOR/A A XORNADA COMPLETA**, dentro do proceso de selección de persoal laboral fixo, mediante procedemento de estabilización de emprego temporal por concurso e concurso-oposición.

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA.-

Visto o estado de tramitación do procedemento iniciado por este Concello de Baleira para a selección de un posto de traballo de LIMPIADOR/A A XORNADA COMPLETA do proceso de selección de persoal laboral fixo, mediante procedemento de estabilización de emprego temporal por concurso, dentro do marco xeral de execución da Oferta Pública de Emprego extraordinaria correspondente ao exercicio do ano 2022, aprobada por acordo da Xunta de Goberno Local do Concello de Baleira do 07 de decembro do 2022, publicada no Boletín Oficial da provincia de Lugo nº 294 do día 26 de decembro de 2.022 e no Diario Oficial de Galicia do 27 de decembro do 2022.

RESOLVO:

Aproba-la seguinte relación definitiva de admitidos/as e excluídos/as en relación ó procedemento selectivo **limpiador/a xornada completa. Concurso:**

Relación de admitidos/as:

APELIDOS E NOME	DNI
FINA BRAÑAS RIVEIRO	33****56Z
BRAIS CALLES ALONSO	36****26B
ROCIO ALONSO FREIRE	33****20K

Relación de excluídos/as: Ningún.

O Tribunal Cualificador constitúese o día 05 de xuño do 2023 ás 9:30 horas na Casa do Concello de Baleira.

A proba de galego para os/as que non teñan CELGA-2 o equivalente homologado, realizarase ese mesmo día as 10:00 horas.

A composición do Tribunal cualificador será a seguinte:

Presidente: D^a. Clementina Saa Méndez, Traballadora Social do Concello de Baleira.

Suplente: D^a. Mónica Engroba Pulido, Traballadora Social do Concello de Baralla.

Secretaría: D^a. M^a Esperanza Garmendia Núñez, Secretaria-Interventora do Concello de Baleira.

Suplente: D^a. Luisa Fernández Pérez, Secretaria-Interventora do Concello de Samos.

Vogais:

Titulares:

D^a María Germana López González, Auxiliar Administrativo do Concello de Baleira.

D. Severiano Daniel Vázquez Prados, Técnico de Administración Xeral do Concello de Becerreá.

D. José Luis López Moure, Administrativo do Concello de Samos.

D. Manuel Fernández Fernández, Auxiliar Administrativo do Concello de Castroverde.

Suplentes:

D. Juan Hernando Rosa Ruíz, Secretario-Interventor acumulado do Concello da Ribeira de Piquín.

D^a. María Cristina Bolaño Fernández, Administrativo do Concello de Baralla.

D. Eloy López Fernández, ADL do Concello de Samos.

D. Alberto Alonso Fernández, Axudante de Servicios Múltiples do Concello de Baleira

Mándao e asínoa o Alcalde, dou fe, A Secretaria-Interventora, María Esperanza Garmendia Núñez.

Baleira, 24 de maio do 2023.- O Alcalde, Ángel Enrique Martínez-Puga López.

R. 1628

Anuncio

PROCESO DE ESTABILIZACIÓN DE EMPREGO TEMPORAL NO CONCELLO DE BALEIRA (LUGO).

Listaxe DEFINITIVO de persoas admitidas e excluídas para participar no proceso selectivo para a provisión de un posto de traballo de **LIMPIADOR/A A XORNADA PARCIAL** dentro do proceso de selección de persoal laboral fixo, mediante procedemento de estabilización de emprego temporal por concurso e concurso-oposición.

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA.-

Visto o estado de tramitación do procedemento iniciado por este Concello de Baleira para a selección de un/ha LIMPIADORA A XORNADA PARCIAL dentro do proceso de selección de persoal laboral fixo, mediante procedemento de estabilización de emprego temporal por concurso, dentro do marco xeral de execución da Oferta Pública de Emprego extraordinaria correspondente ao exercicio do ano 2022, aprobada por acordo da Xunta de Goberno Local do Concello de Baleira do 07 de decembro do 2022, publicada no Boletín Oficial da provincia de Lugo nº 294 do día 26 de decembro de 2.022 e no Diario Oficial de Galicia do 27 de decembro do 2022.

RESOLVO:

Aproba-la seguinte relación definitiva de admitidos/as e excluídos/as en relación ó procedemento selectivo de **limpiador/a a xornada parcial. concurso**

Relación de admitidos/as:

APELIDOS E NOME	DNI
MARIA DEL CARMEN LINARES NEIRA	33****38B
LIDIA DIAZ ALVAREZ	34****60P
MARTA ARES NEIRA	53****37B
BRAIS CALLES ALONSO	36****26B

Relación de excluídos/as: Ningún.

O Tribunal Cualificador constitúese o día 05 de xuño do 2023 ás 11:30 horas na Casa do Concello de Baleira.

A proba de galego para os/as que non teñan CELGA-2 o equivalente homologado, realizarase ese mesmo día as 12:00 horas.

A composición do Tribunal cualificador será a seguinte:

Presidente: D^a. Clementina Saa Méndez, Traballadora Social do Concello de Baleira.

Suplente: D^a. Mónica Engroba Pulido, Traballadora Social do Concello de Baralla.

Secretaria: D^a. M^a Esperanza Garmendia Núñez, Secretaria-Interventora do Concello de Baleira.

Suplente: D^a. Luisa Fernández Pérez, Secretaria-Interventora do Concello de Samos.

Vogais:

Titulares:

D^a María Germana López González, Auxiliar Administrativo do Concello de Baleira.

D. Severiano Daniel Vázquez Prados, Técnico de Administración Xeral do Concello de Becerreá.

D. José Luis López Moure, Administrativo do Concello de Samos.

D. Manuel Fernández Fernández, Auxiliar Administrativo do Concello de Castroverde.

Suplentes:

D. Juan Hernando Rosa Ruíz, Secretario-Interventor acumulado do Concello da Ribeira de Piquín.

D^a. María Cristina Bolaño Fernández, Administrativo do Concello de Baralla.

D. Eloy López Fernández, ADL do Concello de Samos.

D. Alberto Alonso Fernández, Axudante de Servicios Múltiples do Concello de Baleira

Mándao e asínoa o Alcalde, dou fe, A Secretaria-Interventora, María Esperanza Garmendia Núñez.

Baleira, 24 de maio do 2023.- O Alcalde, Ángel Enrique Martínez-Puga López.

R. 1629

Anuncio

PROCESO DE ESTABILIZACIÓN DE EMPREGO TEMPORAL NO CONCELLO DE BALEIRA (LUGO).

Listaxe DEFINITIVO de persoas admitidas e excluídas para participar no proceso selectivo para a provisión de un posto de traballo de **ORDENANZA** dentro do proceso de selección de persoal laboral fixo, mediante procedemento de estabilización de emprego temporal por concurso e concurso-oposición.

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA.-

Visto o estado de tramitación do procedemento iniciado por este Concello de Baleira para a selección de un/ha ORDENANZA do proceso de selección de persoal laboral fixo, mediante procedemento de estabilización de emprego temporal por concurso, dentro do marco xeral de execución da Oferta Pública de Emprego extraordinaria correspondente ao exercicio do ano 2022, aprobada por acordo da Xunta de Goberno Local do Concello de Baleira do 07 de decembro do 2022, publicada no Boletín Oficial da provincia de Lugo nº 294 do día 26 de decembro de 2022 e no Diario Oficial de Galicia do 27 de decembro do 2022.

RESOLVO:

Aproba-la seguinte relación definitiva de admitidos/as e excluídos/as en relación ó procedemento selectivo de **Ordenanza. Concurso**:

Relación de admitidos/as:

APELIDOS E NOME	DNI
ELSA MENDEZ FERNANDEZ	33****83B
SABELA SEIJAS CASTEDO	33****15M
MARIA BEGOÑA LOPEZ GOMEZ	33****04H
BRAIS CALLES ALONSO	36****26B

Relación de excluídos/as: Ningún.

O Tribunal Cualificador constitúese o día 05 de xuño do 2023 ás 13:30 horas na Casa do Concello de Baleira.

A proba de galego para os/as que non teñan CELGA-2 o equivalente homologado, realizarase ese mesmo día as 14:00 horas.

A composición do Tribunal cualificador será a seguinte:

Presidente: D^a. Clementina Saa Méndez, Traballadora Social do Concello de Baleira.

Suplente: D^a. Mónica Engroba Pulido, Traballadora Social do Concello de Baralla.

Secretaria: D^a. M^a Esperanza Garmendia Núñez, Secretaria-Interventora do Concello de Baleira.

Suplente: D^a. Luisa Fernández Pérez, Secretaria-Interventora do Concello de Samos.

Vogais:Titulares:

D^a María Germana López González, Auxiliar Administrativo do Concello de Baleira.

D. Severiano Daniel Vázquez Prados, Técnico de Administración Xeral do Concello de Becerreá.

D. José Luis López Moure, Administrativo do Concello de Samos.

D. Manuel Fernández Fernández, Auxiliar Administrativo do Concello de Castroverde.

Suplentes:

D. Juan Hernando Rosa Ruíz, Secretario-Interventor acumulado do Concello da Ribeira de Piquín.

D^a. María Cristina Bolaño Fernández, Administrativo do Concello de Baralla.

D. Eloy López Fernández, ADL do Concello de Samos.

D. Alberto Alonso Fernández, Axudante de Servicios Múltiples do Concello de Baleira

Mándao e asínoa o Alcalde, dou fe, A Secretaria-Interventora, María Esperanza Garmendia Núñez.

Baleira, 24 de maio do 2023.- O Alcalde, Ángel Enrique Martínez-Puga López.

R. 1630

BEGONTE*Anuncio***RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA**

Asunto: Aprobación da listaxe definitiva de admitidos e excluídos, designación de Tribunal e data e lugar de valoración dos méritos do concurso do proceso extraordinario de estabilización do emprego temporal convocado para a selección como persoal laboral fixo de 1 Praza de Axente de Emprego e Desenvolvemento Local.

Rematado o prazo de presentación de reclamacións e/ou alegacións á listaxe provisional de admitidos e excluídos do proceso selectivo convocado para a provisión polo sistema de concurso de 1 praza de Axente de Emprego e Desenvolvemento Local (BOP nº 040, do 17 de febreiro de 2023), de conformidade coa cláusula sexta das ditas bases e no exercicio das facultades atribuídas a esta Alcaldía polo art. 21.1 da Lei 7/1.985, de 2 de abril, Reguladora de Bases de Réxime Local, pola presente.

RESOLVO:

1º.-Aprobar a seguinte listaxe definitiva de admitidos e excluídos para a provisión da dita praza de Axente de Emprego e Desenvolvemento Local.-

Admitidos:

APELIDOS E NOME.	D.N.I.	PROBA GALEGO
1.- REJES CANOURA ISABEL.	***9463**	NON.
2.- GÓMEZ CARBALLAL DIEGO.	***5481**	NON.
3.- LÓPEZ VILLAMOR ISAAC.	***3227**	NON.
4.- ÁLVAREZ SALGADO MARÍA ELVIRA.	***8433**	NON.

Excluídos: Non hai

2º.-Designar como membros do Tribunal de selección encargado da valoración dos correspondentes méritos ás seguintes persoas:

Presidente: Dna. Elisa Muñoz Álvarez, Secretaria-Interventora do Concello de Baralla.

Suplente:D. José López González, Secretario-Interventor do Concello de Dozón.

Vogal 1º:D. Julio González Casanova, Secretario-Interventor do Concello de Friol.

Suplente:Dna. Mónica Vázquez Fandiño, Secretaria-Interventora do Concello de Láncara.

Vogal 2º: D. Ernesto Ares Yáñez, Axente de Emprego e Desenvolvemento Local do Concello de Xermade.

Suplente: Dña. María Jesús Grandío Río, Axente de Emprego e Desenvolvemento Local do Concello de Guntín.

Vogal 3º: Dña. Mª Jesús Blanco Prado, Técnico en Desenvolvemento Económico e Social do Concello de Begonte.

Suplente: Dña. Mª Esperanza Garmendia Núñez, Secretaria-Interventora do Concello de Beleira.

Secretario: D. Antonio Lorenzo Morandeira, Secretario-Interventor do Concello de Begonte.

Suplente: D. José Ángel Balseiro Amido, Secretario-Interventor do Concello de Rábade.

3º.- Convocar ao Tribunal para a súa constitución e a posterior valoración dos méritos dos aspirantes, o martes día 6 de xuño, ás 17.30 h. na Sala de Xuntas da Casa do Concello.

4º.- Publicar a presente Resolución no Boletín Oficial da Provincia, Taboleiro municipal de Edictos e Sede Electrónica, para xeral coñecemento e efectos oportunos.

5º.- Dar conta ao pleno na próxima sesión ordinaria que se celebre.

O manda e asina o sr. Alcalde-Presidente, en Begonte a vinte cinco de maio de dous mil vinte tres, de todo o cal eu Secretario dou fe.

O Alcalde-Presidente, José Ulla Rocha.- O Secretario-Interventor, Antonio Lorenzo Morandeira.

R. 1647

FOZ

Anuncio

Mediante acordo acadado polo pleno en sesión ordinaria celebrada o pasado día 18 de maio de 2023, aprobose trámite de información pública por prazo de vinte (20) días da estrutura de custes do contrato de concesión de servizos da Residencia e Centro de Día do Concello de Foz, o que se fai público mediante o presente anuncio, así como, mediante anuncio no taboleiro de anuncios electrónico do Concello de Foz, para que os/as interesados/as poidan formular as alegacións e suxerencias que estimen oportunas.

Foz, 24 de maio de 2023.- O ALCALDE, FRANCISCO CAJOTO CASERIO.

R. 1631

LUGO

Anuncio

PROVIDENCIA

Álvaro Santos Ramos, Tenente da Alcaldesa delegado da Área de Goberno de Sostibilidade Urbana do Excmo. Concello de Lugo.

ASUNTO: PROXECTO DE COMPENSACIÓN DO POLÍGONO Nº 3 DO SECTOR IN-G.2 (UZPI-2.1).

Visto o informe emitido polo Servizo de Urbanismo con data do 18-05-2023, en relación co PROXECTO DE COMPENSACIÓN FORMULADO POLA XUNTA DE COMPENSACIÓN DO POLÍGONO Nº 3 DO SECTOR IN-G.2 (UZPI-2.1).

No uso das atribucións conferidas á Alcaldesa no artigo 124 da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, segundo a redacción dada pola Lei 57/2003, de 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local e a normativa específica de aplicación, e segundo atribucións delegadas pola Alcaldía no Decreto número 2973/21, do 16 de abril de 2021

DISPOÑO:

Someter o PROXECTO DE COMPENSACIÓN aprobado inicialmente POLA XUNTA DE COMPENSACIÓN DO POLÍGONO Nº 3 DO SECTOR IN-G.2 (UZPI-2.1) a información pública polo prazo de UN MES, a través da correspondente publicación no Boletín Oficial da Provincia en un dos xornais de maior difusión na provincia, en cumprimento do establecido nos artigos 125 e 106 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

Lugo, 19 de maio de 2023.- O TENENTE DA ALCALDESA DA ÁREA DE DOBERNO DE SOSTIBILIDADE URBANA DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO, ÁLVARO SANTOS RAMOS.

R. 1632

Anuncio

A Xunta de Goberno Local do Concello de Lugo, en sesión ordinaria celebrada o día 18 de maio de 2023, adoptou, entre outros o acordo 23/272 NOMEAMENTO COMO FUNCIONARIOS DE CARREIRA NA CATEGORÍA DE INSPECTORES DE POLICÍA LOCAL, cuxa parte dispositiva é do teor literal seguinte:

“PRIMEIRO.- Nomear a don Manuel Fernando Abuín Rouco co DNI ***4188**; don Adrián Prieto Veiga co DNI ***4251**; don José Manuel Fernández Fernández co DNI ***3701**; don Alberto Muñoz Heras co DNI ***7050**; dona María Belén Santiso Felpeto co DNI ***2626**; don Andrés Pernas Fernández co DNI ***1984** e don Carlos Iglesias Rozas co DNI ***1836** como funcionarios de carreira do Excmo. Concello de Lugo para desempeñar as prazas de Inspector/a do corpo da Policía Local, escala de administración especial, subescala de servizos especiais, clase de Policía Local e Auxiliares, escala executiva do subgrupo A2.

SEGUNDO.- Notificarlles o acordado aos interesados, coa advertencia que deberá tomar posesión no prazo dun mes a partir da publicación do nomeamento.

TERCEIRO.- Procédase á súa publicación na forma legalmente establecida, facéndose constar que este acto pon fin á vía administrativa, e que contra el se poden interpoñer os seguintes recursos:

- Recurso potestativo de reposición previsto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ante o mesmo órgano que ditou o acto no prazo DUN MES, contado dende o día seguinte á publicación deste acordo.

- Recurso contencioso-administrativo, nun prazo de DOUS MESES, contados a partir do día seguinte á publicación deste acordo, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo (artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), segundo a redacción dada pola disposición adicional décimo cuarta da Lei orgánica 19/2003, do 23 de decembro, de modificación da Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do Poder xudicial.

Todo isto sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro recurso que estime conveniente

CUARTO.- Ordenar a publicación do nomeamento no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.”

Lugo, 25 de maio de 2023.- A Tta. de Alcaldesa Delegada da Area de Gobernanza: Economía e Recursos Humanos, Mercedes Paula Alvarellós Fondo.

R. 1633

Anuncio

A Xunta de Goberno Local do Concello de Lugo, en sesión ordinaria celebrada o día 18 de maio de 2023, adoptou, entre outros o acordo 24/273 NOMEAMENTO COMO FUNCIONARIO DE CARREIRA NA CATEGORÍA DE OFICIAL DA POLICÍA LOCAL, cuxa parte dispositiva é do teor literal seguinte:

“PRIMEIRO.- Nomear a don Manuel Ferreiro Rodríguez ***0576** como funcionario de carreira na categoría de Oficial do corpo da Policía Local (escala de administración especial, subescala servizos especiais, clase Policía Local e Auxiliares, escala básica do subgrupo C1).

SEGUNDO.- Notificarlle o acordado ao interesado coa advertencia de que deberá tomar posesión no prazo dun mes a partir da publicación do nomeamento.

TERCEIRO.- Procédase á súa publicación na forma legalmente establecida. Faise constar que este acto pon fin á vía administrativa e que contra este se poden interpoñer os seguintes recursos:

- Recurso potestativo de reposición previsto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ante o mesmo órgano que ditou o acto no prazo DUN MES, contado dende o día seguinte á publicación deste acordo.

- Recurso contencioso-administrativo, nun prazo de DOUS MESES, contados a partir do día seguinte á publicación deste acordo, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo (artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), segundo a redacción dada pola disposición adicional décimo cuarta da Lei orgánica 19/2003, do 23 de decembro, de modificación da Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do Poder xudicial.

Todo isto sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro recurso que estime conveniente.

CUARTO.- Ordenar a publicación do nomeamento no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.”

Lugo, 25 de maio de 2023.- A Tta. de Alcaldesa Delegada da Area de Gobernanza: Economía e Recursos Humanos, Mercedes Paula Alvarellós Fondo.

R. 1634

MONFORTE DE LEMOS

Anuncio

APROBACIÓN DEFINITIVA DE MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA 22/2023

Publicado no Boletín Oficial da Provincia número 098 do día 29 de abril de 2023 o anuncio referente á exposición ao público do expediente de modificación de crédito 22/2023 de modificación de créditos na modalidade de suplemento de crédito e crédito extraordinario por importe de 1.940.361,46 €, financiado con cargo ó remanente líquido de tesourería para gastos xerais, aprobada polo Concello Pleno en sesión ordinaria celebrada o día 24 de marzo de 2023, transcorrido o prazo da citada exposición sen presentarse reclamacións, conforme ao artigo 38 do Real Decreto 500/90, de 20 de abril, enténdese definitivamente aprobado.

Contra a aprobación definitiva do expediente poderá interperse directamente Recurso Contencioso-Administrativo na forma e prazo que establecen as normas da devandita xurisdición.

Resumo da modificación:

CAPÍTULO DE INGRESOS	Importe	CAPÍTULOS DE GASTOS	Importe
VIII	1.940.361,46	II	567.245,00
		VI	1.286.560,26
		VII	86.556,20
	1.940.361,46		1.940.361,46

Monforte de Lemos, 24 de maio de 2023.- O ALCALDE, José Tomé Roca, P.D. Decreto de data 24.01.2022.- A PRIMEIRA TENENTE DE ALCALDE, Gloria María Prada Rodríguez.

R. 1635

PANTÓN

Anuncio

RECTIFICACIÓN DE ERROS MATERIAS DE FEITO NAS BASES ESPECÍFICAS DENOMINADAS "VII.- UNHA (1) PRAZA DE PEÓN DE RECOLLIDA DE LIXO." INCLUÍDAS NAS BASES XERAIS E ESPECÍFICAS DOS PROCESOS SELECTIVOS PARA A COBERTURA EN PROPIEDAD DAS PRAZAS INCLUÍDAS NA OFERTA EXTRAORDINARIA DE EMPREGO PÚBLICO DO CONCELLO DE PANTÓN PARA O ANO 2022 PARA A ESTABILIZACIÓN DE EMPREGO TEMPORAL.

O Alcalde do Concello de Pantón, por Decreto número 2023-0133, do 23.05.2023, resolveu rectificar os erros materiais de feito existentes nas bases específicas denominadas "VII.- UNHA (1) PRAZA DE PEÓN DE RECOLLIDA DE LIXO.", incluídas nas Bases xerais e específicas que han de rexer a convocatoria de procesos selectivos para a cobertura en propiedade das prazas incluídas nos procesos extraordinarios de estabilización previstos na Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público, cuxo contido íntegro se transcribe a continuación:

"Vistas as Bases xerais e específicas que han de rexer a convocatoria de procesos selectivos para a cobertura en propiedade das prazas incluídas nos procesos extraordinarios de estabilización previstos na Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público, aprobadas por Decreto número 2022-0401, do 22.12.2022, e publicadas integramente no BOP de Lugo nº 298, do 30.12.2022 e en estrato no DOG núm. 18, do 26.01.2023, publicándose a convocatoria dos procesos selectivos mediante anuncio inserido no BOE núm. 55, do 06.03.2023.

Atendido que nas bases específicas denominadas "VII.- UNHA (1) PRAZA DE PEÓN DE RECOLLIDA DE LIXO.", incluídas precitadas Bases xerais e específicas que han de rexer a convocatoria de procesos selectivos para a cobertura en propiedade das prazas incluídas nos procesos extraordinarios de estabilización previstos na Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público, se detectou a existencia de erros materiais de feito consistentes no seguinte:

- Na base específica primeira, onde dicía:

"(...) 2.- CARACTERIZACIÓN DAS PRAZAS QUE SE CONVOCAN:

Denominación da praza	Peón tractor
-----------------------	--------------

(...)"

Debe dicir:

"(...) 2.- CARACTERIZACIÓN DAS PRAZAS QUE SE CONVOCAN:

Denominación da praza	Peón de recollida de lixo
-----------------------	---------------------------

(...)"

- Na base específica quinta, no que se refire á Fase de Concurso, onde dicía:

"(...) **A) Méritos profesionais: ata un máximo de 36 puntos.**

Valoraranse os servizos efectivos prestados ata a data de publicación da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Lugo:

1.- Por servizos prestados en postos coa categoría profesional de peón relacionado co manexo do tractor no Concello de Pantón, a razón de 1,50 puntos por mes completo de servizos prestados ata un máximo de 36 puntos.

2.- Por servizos prestados en postos coa categoría profesional de peón relacionado co manexo do tractor nunha administración local distinta do Concello de Pantón, a razón de 1,00 puntos por mes completo de servizos prestados ata un máximo de 36 puntos.

3.- Por servizos prestados en postos coa categoría profesional de peón relacionado co manexo do tractor nunha administración distinta da local, a razón de 0,50 puntos por mes completo de servizos prestados ata un máximo de 36 puntos.

4.- Por servizos prestados en postos coa categoría profesional de peón relacionado co manexo do tractor en entidades que non teñan a condición de administración pública territorial ou na empresa privada, a razón de 0,10 puntos por mes completo de servizos prestados ata un máximo de 36 puntos.

(...)"

Debe dicir:

"(...) **A) Méritos profesionais: ata un máximo de 36 puntos.**

Valoraranse os servizos efectivos prestados ata a data de publicación da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Lugo:

1.- Por servizos prestados en postos coa categoría profesional de peón relacionado coa recollida de lixo no Concello de Pantón, a razón de 1,50 puntos por mes completo de servizos prestados ata un máximo de 36 puntos.

2.- Por servizos prestados en postos coa categoría profesional de peón relacionado coa recollida de lixo nunha administración local distinta do Concello de Pantón, a razón de 1,00 puntos por mes completo de servizos prestados ata un máximo de 36 puntos.

3.- Por servizos prestados en postos coa categoría profesional de peón relacionado coa recollida de lixo nunha administración distinta da local, a razón de 0,50 puntos por mes completo de servizos prestados ata un máximo de 36 puntos.

4.- Por servizos prestados en postos coa categoría profesional de peón relacionado coa recollida de lixo en entidades que non teñan a condición de administración pública territorial ou na empresa privada, a razón de 0,10 puntos por mes completo de servizos prestados ata un máximo de 36 puntos.

(...)"

Considerando que o artigo 109.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, establece que: "As Administracións Públicas poderán, así mesmo, rectificar en calquera momento, de oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos".

Esta Alcaldía, ostentando os mencionados erros o carácter de erro material de feito, segundo resulta de forma evidente do propio expediente, en uso das atribucións que lle confire a normativa de aplicación e en concreto os artigos 53 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e 218.1 do Real decreto 2568,1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, **RESOLVE:**

PRIMEIRO.- Rectificar os erros materiais de feito existentes nas bases específicas denominadas “VII.- UNHA (1) PRAZA DE PEÓN DE RECOLLIDA DE LIXO.”, incluídas nas Bases xerais e específicas que han de rexer a convocatoria de procesos selectivos para a cobertura en propiedade das prazas incluídas nos procesos extraordinarios de estabilización previstos na Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público, realizando as seguintes emendas:

- Na base específica primeira, onde aparecía:

“(…) 2.- **CARACTERIZACIÓN DAS PRAZAS QUE SE CONVOCAN:**

Denominación da praza	Peón tractor
-----------------------	--------------

(…)”

Debe substituírse por:

“(…) 2.- **CARACTERIZACIÓN DAS PRAZAS QUE SE CONVOCAN:**

Denominación da praza	Peón de recollida de lixo
-----------------------	---------------------------

(…)”

- Na base específica quinta, no que se refire á Fase de Concurso, onde aparecía:

“(…) **A) Méritos profesionais: ata un máximo de 36 puntos.**

Valoraranse os servizos efectivos prestados ata a data de publicación da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Lugo:

1.- Por servizos prestados en postos coa categoría profesional de peón relacionado co manexo do tractor no Concello de Pantón, a razón de 1,50 puntos por mes completo de servizos prestados ata un máximo de 36 puntos.

2.- Por servizos prestados en postos coa categoría profesional de peón relacionado co manexo do tractor nunha administración local distinta do Concello de Pantón, a razón de 1,00 puntos por mes completo de servizos prestados ata un máximo de 36 puntos.

3.- Por servizos prestados en postos coa categoría profesional de peón relacionado co manexo do tractor nunha administración distinta da local, a razón de 0,50 puntos por mes completo de servizos prestados ata un máximo de 36 puntos.

4.- Por servizos prestados en postos coa categoría profesional de peón relacionado co manexo do tractor en entidades que non teñan a condición de administración pública territorial ou na empresa privada, a razón de 0,10 puntos por mes completo de servizos prestados ata un máximo de 36 puntos.

(…)”

Debe substituírse por:

“(…) **A) Méritos profesionais: ata un máximo de 36 puntos.**

Valoraranse os servizos efectivos prestados ata a data de publicación da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Lugo:

1.- Por servizos prestados en postos coa categoría profesional de peón relacionado coa recollida de lixo no Concello de Pantón, a razón de 1,50 puntos por mes completo de servizos prestados ata un máximo de 36 puntos.

2.- Por servizos prestados en postos coa categoría profesional de peón relacionado coa recollida de lixo nunha administración local distinta do Concello de Pantón, a razón de 1,00 puntos por mes completo de servizos prestados ata un máximo de 36 puntos.

3.- Por servizos prestados en postos coa categoría profesional de peón relacionado coa recollida de lixo nunha administración distinta da local, a razón de 0,50 puntos por mes completo de servizos prestados ata un máximo de 36 puntos.

4.- Por servizos prestados en postos coa categoría profesional de peón relacionado coa recollida de lixo en entidades que non teñan a condición de administración pública territorial ou na empresa privada, a razón de 0,10 puntos por mes completo de servizos prestados ata un máximo de 36 puntos.

(…)”

SEGUNDO.- Publicar anuncio da presente rectificación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e na sede electrónica deste Concello (<https://panton.sedelectronica.gal/info.0>), para xeral coñecemento e efectos.

TERCEIRO.- Abrir un novo prazo de presentación de instancias de vinte (20) días hábiles, a contar desde o día seguinte ao da publicación do pertinente anuncio de rectificación das bases no Boletín Oficial do Estado, para participar no proceso selectivo para a cobertura en propiedade da praza de Peón de Recollida de Lixo (afectada polos erros materias de feito rectificadas) incluída na oferta extraordinaria de emprego público do Concello de Pantón para o ano 2022, para a estabilización de emprego temporal, aprobada pola Xunta de Goberno Local, por delegación do Alcalde (BOP de Lugo nº 160, do 13.07.2019), mediante Acordo do 20.05.2022, e publicada no no BOP de Lugo nº 123, do 31.05.2022 e no DOG núm. 103, do 31.05.2022.

CUARTO.- Notificar o presente Acordo ás persoas interesadas con indicación dos recursos que sexan procedentes.

Mándao e asínao o Alcalde, José Luis Álvarez Blanco, en Pantón, o día indicado na marxe. Dou fe, o Secretario.”

Contra a presente Resolución, que pon fin á vía administrativa, pódese interpoñer alternativamente ou recurso de reposición potestativo, no prazo dun mes para contar desde o día seguinte á publicación do presente anuncio, ante Alcalde do Concello de Pantón, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou recurso contencioso-administrativo, perante o xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte á publicación do presente anuncio, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa. Se se optase por interpoñer o recurso de reposición potestativo, non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolvido expresamente ou se produciu a súa desestimación por silencio. Todo iso sen prexuízo de que se poida exercitar calquera outro recurso que se estime pertinente.

Pantón, 23 de maio de 2023.- O Alcalde, José Luis Álvarez Blanco.

R. 1636

A POBRA DO BROLLÓN

Anuncio

O Pleno da Corporación, en sesión ordinaria celebrada o día 24/04/2023, aprobou inicialmente o orzamento xeral do exercicio 2023. Conforme o artigo 169 do TRLFL someteuse o expediente a información pública por prazo de 15 días hábiles. Non producíndose alegacións durante o citado período resulta definitivamente aprobado o Orzamento, Plantilla e Relación de Postos de Traballo do exercicio 2023 segundo decreto do sr. alcalde de data 25/05/2023. En cumprimento do que dispón o apartado 3 do artigo 169 do TRLFL, faise público que dito presuposto ascende tanto en gastos como en ingresos as cantidades que se reflicten por capítulos e que a continuación se expresan segundo o seguinte detalle:

	Gastos		Ingresos	
	Capítulo	Importe	Capítulo	Importe
I	Gastos de persoal	1.021.590,00	Impostos directos	650.000,00
II	Gastos en bens correntes e servizos	698.610,00	Impostos indirectos	30.000,00
III	Gastos financeiros	12.000,00	Taxas e outros ingresos	391.000,00
IV	Transferencias correntes	38.700,00	Transferencias correntes	727.000,00
V	Continxencias	0,00	Ingresos patrimoniais	2.000,00
	Total gastos correntes	1.770.900,00	Total ingresos correntes	1.900.000,00
VI	Inversións reais	29.100,00	Alleamento de inversións reais	0,00
VII	Transferencias de capital	0,00	Transferencias de capital	0,00
VIII	Variación de activos financeiros	0,00	Variación de activos financeiros	0,00
IX	Variación de pasivos financeiros	100.000,00	Variación de pasivos financeiros	0,00

	Total gastos de capital	129.100,00	Total ingresos de capital	0,00
	Total estado de gastos	1.900.000,00	Total estado de ingresos	1.900.000,00

Na referida sesión, tamén se acordou aprobar a plantilla e relación de postos de traballo desta Corporación que, de acordo co que preceptúa o art. 127 do Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, reproducíase a continuación:

ANEXO II. CADRO DE PERSOAL.

A) Funcionarios de carreira:

Praza	Nº.	Escala/Subescala	Grupo	CD	Situación
Secretario-Interventor.	1	Funcionario de Habilitación Nacional	A-2	24	Propiedade
Técnico medio	1	Axente Local de Emprego	A-2	22	Propiedade
Administrativo Tesoureiro	1	Administración Xeral	C-1	22	Propiedade
Administrativo	1	Administración Xeral	C-1	22	Propiedade
Auxiliar Administrativo	1	Administración Xeral	C-2	12	Interino

B) Persoal laboral fixo

Denominación	Nº	Posto de Traballo	Grupo	CD	Situación
Capataz	1	Servizos Múltiples. Obras.	E	14	Interino
Capataz	1	Servizos Múltiples. Fontanería.	E	14	Propiedade
Capataz	1	Servizos Múltiples. Electricidade.	E	14	Vacante
Auxiliar administrativo	1	Biblioteca e OMIX (1/2 xornada)	C-2	12	Propiedade
Auxiliar administrativo	1	Biblioteca e OMIX (1/2 xornada)	C-2	12	Propiedade
Traballo social	1	Servizos sociais. Coordinación servizo.	A-2	18	Interina
Traballo social	1	Servizos sociais.	A-2	18	Interina
